

## A REFORMA DA POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN E AS SÚAS IMPLICACIÓNS PARA ESPAÑA

MARTA IGLESIAS BERLANGA  
Departamento de Dereito Público

Facultade de Dereito  
Universidade Pontificia de Comillas (ICADE) de Madrid

Recibido: 16 de xuño de 2005

Aceptado: 21 de abril de 2006

**Resumo:** En vigor desde o 1 de xaneiro de 2003, a Política Pesqueira Común (PPC) afronta un novo e ambicioso proceso de revisión destinado a xestionar de maneira máis eficaz a dimensión biolóxica, económica e social da pesca. Malia a necesidade de conciliar as reivindicacións dos pescadores no mantemento do seu medio de vida co crítico diagnóstico actual das pesqueiras europeas, o reto máis controvertido da nova PPC bifúrcase nunha cuádrupla dirección: 'primo', a fixación de obxectivos no longo prazo; 'secundo', a adopción dunha nova política capaz de corrixir a sobredimensión crónica da flota da Unión Europea (UE); 'tercio', unha aplicación máis eficaz das normas convidadas no seu seo e, por último, unha maior implicación das partes interesadas. Concretándose deste modo a 'ratio essendi' do estudo que se presenta, o seu principal obxectivo reside en valorar os avances máis significativos alcanzados nos diferentes ámbitos e as súas repercusións para España.

**Palabras clave:** Política Pesqueira Común / Proceso de revisión da PPC / Obxectivos no longo prazo / Exceso de capacidade da flota / Aplicación eficaz das normas / Implicación das partes interesadas / Avances nos diferentes ámbitos / Repercusións para España.

### THE REFORM OF THE COMMON FISHERIES POLICY AND ITS IMPLICATIONS FOR SPAIN

**Abstract:** Since 01 Jan 2003 a new fisheries policy has been applied by the European Union. For the Common Fisheries Policy (CFP) this means the most ambitious project since ever. A reform was necessary to achieve sustainable fisheries regarding biological, environmental and economical aspects. The main changes can be summarised by a long-term approach, a new policy for the fleets, a better application of the rules and a stakeholders' involvement. The new CFP offers an excellent possibility to secure the future of the European fisheries sector. Based on these considerations the objective of this research is to point out the most important progresses achieved in these fields and the related implications for Spain.

**Keywords:** Common Fisheries Policy / Reform of the Common Fisheries Policy / Long term approach / New policy for the fleet / Better application of the rules / Stakeholders' involvement to point out the most important progresses in these fields / Implications for Spain.

## 1. INTRODUCCIÓN

Con tan só vinte e dous anos de antigüidade<sup>1</sup>, a Política Pesqueira Común (en adiante, PPC)<sup>2</sup> afronta un novo<sup>3</sup> e ambicioso proceso de revisión destinado a

<sup>1</sup> Tras anos de difíciles negociacións, a Política Pesqueira Común (PPC) viu a luz o 25 de xaneiro de 1983.

<sup>2</sup> A PPC é o instrumento da Unión Europea para a xestión da pesca e da acuicultura. Entre os numerosos traballos existentes a este respecto, véxanse Díez-Hochleitner (1995, pp. 14-19), VV.AA. (1996), Song (1995, pp. 31-55), Cunneen (1992, pp. 183-198), Churchill (1987), Leigh (1987), Lebullenger e Le Morvan [ed.] (1990) e Holden (1994).

<sup>3</sup> Como puxera de relevo a primeira revisión da PPC no ano 1992, cando existen demasiados buques para os recursos dispoñíbles, a sobreexplotación das poboacións só se pode evitar se a instauración de medidas técnicas e de control vai acompañada dunha regulación do volume de pesca. Vid. González Laxe (1992, p. 57).

xestionar de maneira máis eficaz a dimensión biolóxica, económica e social da pesca<sup>4</sup>. Reformada mediante o Regulamento (CE) núm. 2371/2002 do Consello, de 20 de decembro de 2002<sup>5</sup>, e en vigor desde o 1 de xaneiro de 2003<sup>6</sup>, o reto máis controvertido da nova PPC reside en conciliar as reivindicacións dos pescadores no mantemento do seu medio de vida co crítico diagnóstico actual das pesqueiras europeas.

Lonxe de simbolizar un problema moderno, pois o aprazamento de decisións difíciles<sup>7</sup>, desde un punto de vista social e económico, non contribuíu a mitigar a lenta agonía dunha actividade sustentada no carácter finito dos recursos<sup>8</sup>, a reestruturación da PPC supón unha excelente oportunidade para asegurar de forma responsable o futuro do sector en beneficio de todos os interesados (pescadores, comunidades costeiras, poboacións de peixes, medio mariño e consumidores), sen esquecer, porén, que o seu éxito dependerá do grao de compromiso que asuman a este respecto cada un dos operadores.

A PPC constitúe un exemplo colectivo de cooperación que promove a adopción de medidas comúns en distintas áreas<sup>9</sup>. Desde esta perspectiva, as modificacións negociadas polo Consello de Ministros de Pesca en decembro de 2002 e a partir do ano 2003 suxiren en esencia a fixación de obxectivos no longo prazo, a adopción

---

<sup>4</sup> A sobreexplotación dos recursos que, como por exemplo o bacallau, se atopan ao bordo da extinción é unha realidade que afecta de xeito negativo tanto á sustentabilidade das especies como aos ingresos dos pescadores, ao equilibrio do ecosistema mariño e á subministración de peixe ao mercado comunitario.

<sup>5</sup> Vid. DO L 358, de 31 de decembro de 2002, p. 59.

<sup>6</sup> En marzo do ano 2001, a Comisión Europea presentou un *Libro verde* sobre o futuro da PPC co obxecto de lanzar un debate e de darlle a todas as partes interesadas a oportunidade de facerse oír antes de que a Comisión presentara no ano 2002 as súas propostas para a revisión da PPC ao Consello e ao Parlamento Europeo. O debate público, que tivo lugar en xuño de 2001, desenvolveuse en cinco sesións nas que participaron 400 persoas procedentes dos daquela 15 Estados membros, e que representaban a numerosas organizacións internacionais de pesqueiras, a moitas ONG e ás autoridades dos países interesados. De acordo coas contribucións recibidas durante o período de consulta –período que finalizou o 30 de setembro de 2001–, a Comisión presentou –en maio de 2002– unha primeira serie de propostas destinadas a reformar a PPC ás que desde aquela seguiron outras. En decembro de 2002, o Consello de Ministros de Pesca chegou a un acordo sobre o primeiro paquete de medidas de revisión marcando, deste modo, o inicio dunha nova PPC. Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/greenpaper/green1\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/greenpaper/green1_es.htm).

<sup>7</sup> O enfoque no curto prazo fracasou claramente, xa que non se proporcionou a necesaria protección a diversas poboacións de peixes que na actualidade requiren medidas de recuperación. Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/reform/conservation\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/reform/conservation_es.htm).

<sup>8</sup> A nova reforma da PPC pon de relevo o incumprimento localizado dos obxectivos para os que foi creada: 1) conservar as poboacións de peixes; 2) protexer o medio mariño; 3) garantir a viabilidade económica das flotas europeas; e 4) proporcionarlles alimentos de boa calidade aos consumidores. Desatendendo, en efecto, os consellos científicos relativos ao peche de determinadas pesqueiras e para evitaren, xa que logo, as conseguíntes repercusións económicas e sociais, as autoridades competentes apostaron ata a data por adoptar medidas de solución no curto prazo que non garantan a sustentabilidade do sector.

<sup>9</sup> As áreas máis importantes nas que se adoptan medidas comúns son catro: 1) conservación (protexer os recursos pesqueiros regulando as cantidades que se poden pescar, permitindo que a cría se reproduza e garantindo a observancia das medidas); 2) estruturas (axudar a industria pesqueira e acuícola a adaptar os medios que utiliza e a súa organización aos condicionantes que imponen a escaseza de recursos e o mercado); 3) mercados (manter unha organización común do mercado dos produtos pesqueiros e axustar a oferta á demanda, en interese tanto dos produtores coma dos consumidores); 4) relacións co mundo exterior (asinar acordos de pesca e negociar no ámbito internacional dentro das organizacións rexionais e internacionais de pesca con vistas a establecer medidas de conservación nos caladoiros de mar aberto). Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/pcp/intro\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/pcp/intro_es.htm).

dunha nova política capaz de corrixir a sobrecapacidade crónica da flota da Unión Europea (UE), unha aplicación máis eficaz das normas convidadas no seu seo e unha maior implicación das partes interesadas<sup>10</sup>. Preciado deste modo o noso obxecto de análise, vexamos cales son os avances máis significativos acadados nos diferentes ámbitos e as súas repercusións para España.

## **2. A CONSERVACIÓN E A EXPLOTACIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS PESQUEIROS: UN ENFOQUE NO LONGO PRAZO**

### **2.1. OS TOTAIS ADMISIBLES DE CAPTURAS (TAC) E OS PLANS PLURIANUAIS DE RECUPERACIÓN E DE XESTIÓN**

Como é sabido, a actualidade das pesqueiras europeas ofrece unha imaxe bastante sombría<sup>11</sup>. Froito dunha regulación parcialmente positiva, un dos seus maiores problemas reside na ineficacia do sistema de xestión de TAC<sup>12</sup> e de cotas para combater a escaseza dos recursos e asegurar niveis estables de reprodución. Por este motivo, e de acordo coa tese sostida por España a propósito da política pesqueira no Mediterráneo<sup>13</sup>, a adopción do Regulamento (CE) núm. 2371/2002 do Consello, de 20 de decembro de 2002, debe ser acollida con satisfacción.

Malia que as flutuacións repentinas dos TAC dun ano para outro provocan unha situación de incerteza escasamente compatible cunha correcta ordenación das especies, a probabilidade de substituír a adopción anual das medidas relativas ás oportunidades de pesca, e as relacionadas con estas, por unha introdución gradual de

---

<sup>10</sup> Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/reform/index\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/reform/index_es.htm).

<sup>11</sup> Durante os últimos dez anos, as poboacións de peixes diminuíron de maneira dramática. Segundo datos do CIEM, o número de peixes en augas europeas reduciuse case á metade durante os últimos vinte e cinco anos. A situación do bacallau ou da pescada no mar do Norte é catastrófica, pero tamén se atopan ameazadas as poboacións do sur, en augas ibéricas, como o rape ou a pescada no Cantábrico. Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/reform/index\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/reform/index_es.htm).

<sup>12</sup> O TAC ou total admisible de capturas é o límite máximo de capturas que sobre o volume de peixes poden extraer anualmente os pescadores. Os TAC son acordados polo Consello de Ministros de Pesca no mes de decembro. Porén, esa decisión é o colofón dun proceso no que interveñen científicos e mesmo pescadores dos Estados membros. O Consello Internacional para a Exploración do Mar (CIEM) utiliza os datos biolóxicos obtidos polos institutos nacionais de investigación para avaliar o estado das principais especies comerciais. Os resultados do exame das poboacións do Atlántico nororiental son estudados posteriormente polo Comité Consultivo Científico, Técnico e Económico da Pesca (CCTEP) e, a continuación, se establecen negociacións cos países non comunitarios e coas organizacións rexionais de pesca que teñan intereses ou responsabilidades nas mesmas zonas ou especies. Cando se trata de recursos comúns, como é o caso do bacallau do mar do Norte, a Comisión negocia con Noruega. Logo de analizar as diversas opcións, a Comisión presenta propostas sobre o TAC para o seguinte ano e as condicións en que deben realizarse as capturas. Finalmente, esas propostas son enviadas ao Consello de Ministros que adoptará a decisión final sobre os TAC e calquera posible medida conexas. Vid. artigo 20 do Regulamento (CE) núm. 2371/2002, de 20 de decembro de 2002, relativo á conservación e á explotación sostible dos recursos haliéuticos en virtude da política pesqueira común, *op. cit.*; [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/pcp/faq4\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/pcp/faq4_es.htm).

<sup>13</sup> Vid. *Revista El Mar*, núm. 389, 2000, p. 14.

plans plurianuais<sup>14</sup> de recuperación e de xestión non só nos parece adecuada con respecto á mellor programación das actividades futuras dos pescadores senón que tamén é determinante para garantir a contribución sostible do sector ao benestar nutricional, económico e social da crecente poboación mundial.

Polo que se refire aos *plans plurianuais de recuperación*, isto é, aqueles dirixidos ao restablecemento das poboacións de peixes en perigo de extinción<sup>15</sup>, cómprese sinalar que, aínda que a súa finalidade descansa nunha *ratio* facilmente comprensible e necesaria, a íntima relación existente entre esas directrices e a limitación do esforzo pesqueiro implica un complexo abano de dificultades de orde esencialmente económica e social. A tradución destes proxectos de restrición en previsibles programas de amarre e a conseguinte redución do número de días de pesca de poboacións específicas poden supoñer unha importante perda de ingresos e obrigar os buques a dedicarse a outras pesqueiras menos rendibles. Mesmo pode suceder que a explotación perda o seu interese lucrativo ante os prolongados períodos de inactividade. A eventualidade de que os armadores retiren definitivamente os seus barcos constitúe unha realidade afastada, en todo caso, de calquera contribución voluntaria á reestruturación da flota comunitaria, tal e como se concibe a escala central<sup>16</sup>.

Segundo o Dr. Franz Fischler, o ideal que subxace na reforma da PPC non reside na igualdade de trato ou na discriminación dos países do sur con respecto aos do norte, senón simplemente no estado das poboacións de peixes nas diferentes rexións<sup>17</sup>. Neste sentido, as pesqueiras que, a xuízo de Oceana, deberían pecharse ou incluírse nun estrito plan de recuperación do *stock* son as seguintes: a de rape nas costas ibéricas; as de bacallau en *Kattegat* e *Skagerrak*, no mar do Norte, no mar de Irlanda e na canle da Mancha oriental; a de pescada das costas ibéricas e do golfo de Biscaia; a de cigala na zona do Cantábrico e de Galicia; as de anchoa do

<sup>14</sup> Os plans plurianuais incluírán medidas de carácter diverso, variando en función do estado da poboación ou das poboacións de peixes afectadas, dos obxectivos, das metas, dos prazos previstos, das características biolóxicas das especies e das peculiaridades das pesqueiras implicadas, así como do impacto económico potencial daquelas sobre estas. Ademais, eses plans basearanse no criterio de precaución. Desenvolvido na década dos anos oitenta como pauta de ordenación do medio mariño, ese principio require que os usuarios dos mares e dos océanos adopten políticas de conservación dirixidas á protección ambiental. A carencia dunha información científica fidedigna non extingue, en suma, a obriga de acordar medidas de preservación precautorias. Deste modo, hai quen sostén que ese criterio inverte a carga da proba esixíndolles aos promotores de fórmulas alternativas que demostren o impacto positivo das súas actividades sobre os recursos existentes. Vid. <http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/reform/conservation.htm>, p. 2; *Report of the United Nations Conference on Environment and Development*, UN Doc. A/CONF.151/26/Rev.1 (1993), vol. 1, anexo 1, principio 15; Pannatier (1997, p. 438); García (1994, pp. 20-22). Nesta mesma dirección, a Carta Mundial da Natureza afirma que: “Activities which are likely to pose a significant risk to nature shall be preceded by an exhaustive examination; their proponents shall demonstrate that the expected benefits outweigh potential damage to nature, and where potential adverse effects are not fully understood, the activities should not proceed”. O texto deste instrumento pódese consultar en *ILM*, vol. 22, 1983, p. 455.

<sup>15</sup> A Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) considera que para que unha especie ou poboación animal sexa catalogada como “en perigo” debe ter sufrido un descenso de máis do 50% en só tres xeracións.

<sup>16</sup> Vid. “Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo e ao Consello. Plan de actuación para contrarrestar as consecuencias sociais, económicas e rexionais da reestruturación da industria pesqueira da Unión Europea”, COM (2002) 600 final, Bruxelas, 6 de novembro de 2002, pp. 2 e 3.

<sup>17</sup> Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/news\\_corner/discours/speech27\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/news_corner/discours/speech27_es.htm).

golfo de Biscaia e da baía de Cádiz; todas as poboacións de bacallau, agás as do Ártico; a pescada do *stock* do norte; o rapante da Península Ibérica; todos os *stocks* de linguado; o rape entre o mar do Norte, o Báltico e o oeste de Escocia; todas as poboacións de lirio, a teor da súa importancia para o ecosistema atlántico; os *stocks* de xurelo; todas as poboacións de peixes planos; e non incrementar a presión sobre eglefinos, carboeiros e merláns<sup>18</sup>.

De conformidade con esta proposta, e polo que aos intereses españois se refire, unha das iniciativas máis recentes suxerida polo novo comisario de Pesca, o maltés Joe Borg, relativa ao establecemento de cinco zonas de veda na Península Ibérica, tres delas no caladoiro Cantábrico noroeste<sup>19</sup>, para recuperar o maltreito *stock* de cigala, e rotundamente rexeitadas polas asociacións de armadores de arrastre galegos, simboliza un exemplo das observacións críticas comentadas máis arriba.

Tratándose, en efecto, dunha medida que deixaría ao bordo do amarre aos 110 arrastreiros censados na Comunidade<sup>20</sup>, pois esa flota xa soporta outras cinco áreas de veda nas augas do norte de España<sup>21</sup>, e tendo en conta que a determinación desas zonas precisa do apoio de informes científicos sólidos –requisito que, segundo José Antonio Pérez, presidente da asociación de arrastre de Ribeira, e Torcuato Texeira, patrón maior da Coruña, non recollía a proposta–, a solución finalmente convida no Regulamento (CE) núm. 27/2005 do Consello, de 22 de decembro de 2004, satisfixo as peticións españolas ao manter e cifrar a actividade pesqueira da flota no caladoiro nacional en 22 días de pesca<sup>22</sup>, como xa sucedera no ano 2004. Deste modo, fronte ao “desastre absoluto” que suporía o establecemento de polémicas vedas en Galicia e no Cantábrico, os caladoiros de cigala e de pescada do Cantábrico noroeste consérvanse “abertos” a unha explotación que, en calquera caso, reclama unha sustentabilidade duradeira<sup>23</sup>.

En canto ao golfo de Cádiz, obxectivo dos plans plurianuais de recuperación promovidos por Bruxelas, tanto a especificidade das pesqueiras realizadas nas súas augas como a correcta regulación da zona, documentalmente defendida por España, permitiu, finalmente, a súa exclusión dos programas sinalados; un logro que tamén se repetiu con respecto á flota española con capturas inferiores ás 5 tm de pescada durante os anos 2001, 2002 ou 2003.

<sup>18</sup> Vid. [http://www.europe.oceana.org/downloads/cuotas\\_pesqueiras\\_ue\\_esp.pdf](http://www.europe.oceana.org/downloads/cuotas_pesqueiras_ue_esp.pdf).

<sup>19</sup> Esas vedas afectarían a todas as flotas: voanteiros, naseiros...

<sup>20</sup> Na flota de arrastre de litoral, de importantes repercusións económicas, traballan coa modalidade de parella ou en solitario 123 buques e preto de 1.100 tripulantes que teñen a súa base nos portos de Burela, Celeiro, A Coruña, Ribeira, Muros, Marín e Vigo. Esta flota captura pescada, rape, rapante, xurelo e lagostino nas augas do caladoiro do mar Cantábrico, desde Portugal a Francia. Vid. [http://www.xunta.es/galicia2004/es/07\\_04.htm](http://www.xunta.es/galicia2004/es/07_04.htm).

<sup>21</sup> Esas vedas afectan unicamente aos arrastreiros.

<sup>22</sup> Fronte ao peche dos caladoiros galegos e do Cantábrico, o Ministerio de Pesca, a Xunta e os armadores estaban dispostos a aceptar unha redución do esforzo pesqueiro cifrada en 20 días de pesca, en lugar dos 22 días de actividade correspondentes ao ano 2004.

<sup>23</sup> Vid. <http://lavozdeg Galicia.es>, de 10 de decembro de 2004.

En relación coas capturas de anchoa no golfo de Biscaia, a valoración dos informes científicos presentados pola delegación española, segundo os cales a poboación depende dos recrutamentos efectuados durante o mesmo ano en que se realiza a pesqueira, concluíu coa fixación dun TAC de 30.000 toneladas das que o 90% –unhas 27.000– lle corresponden a España. O feito, porén, de que ata a data se capturaran 203 tm fronte a unha media de 11.000 tm no período 1998-2004 motivou que, por pedimento dos propios pescadores, a ministra de Pesca e Alimentación, Elena Espinosa, lle pedira formalmente ao comisario de Pesca, Joe Borg, unha parada biolóxica de 45 días, á espera da convocatoria urxente dunha reunión técnica para a análise de diferentes alternativas, entre as que destaca a adopción dunha veda para protexer a cría da anchoa e a conxelación do esforzo pesqueiro<sup>24</sup>.

En coherencia con esta proposta de actuación comunitaria e de acordo coa advertencia científica do Consello Internacional para a Exploración do Mar (CIEM), outro grupo de poboacións de peixes suxeito a plans plurianuais de recuperación son as especies de profundidade. Tratándose de recursos moi lonxevos, cunha baixa taxa reprodutiva e cunha tardía madureza, a vulnerabilidade de moitas delas é realmente extrema. Case todas estas especies, entre as que se atopa o pez reloxo (*Hoplostethus atlanticus*), a maruca (*Molva molva*), o graneleiro de rocha (*Coryphaenoides rupestris*) ou o sable negro (*Aphanopus carbo*) comezaron a comercializarse cando as pesqueiras tradicionais das flotas europeas empezaron a escasear. A cota total de 45.000 toneladas proposta para o ano 2005 supón un recorte aproximado de entre un 30% e un 70% do TAC anterior, circunstancia que afecta a España ao ser, xunto con Noruega (46.580 toneladas), con Islandia (31.789), con Faroes (15.354) e con Francia (14.389), unha das primeiras flotas do mundo en número de capturas (10.130), segundo datos preliminares do CIEM correspondentes ao ano 2003.

Por último, e dado que a Comisión está facultada para adoptar medidas preventivas<sup>25</sup> de emerxencia destinadas a mitigar toda ameaza grave da pesca sobre a conservación dos recursos ou do ecosistema mariño<sup>26</sup>, o 1 de febreiro de 2003 entraron en vigor certas medidas de recuperación –coas conseguíntes limitacións do esforzo

<sup>24</sup> Vid. [http://www.from.mapa.es/esp/prensa/noticias/noticia\\_completa.asp?IdNoticia=25&seccion=](http://www.from.mapa.es/esp/prensa/noticias/noticia_completa.asp?IdNoticia=25&seccion=).

<sup>25</sup> Vid. apartado 3 do artigo 26 do Regulamento (CE) núm. 2371/2002 do Consello, de 20 de decembro de 2002, *op. cit.*

<sup>26</sup> Vid. artigo 1.5 do Regulamento (CEE) núm. 3760/92 do Consello, de 20 de decembro de 1992, polo que se establece un réxime comunitario da pesca e da acuicultura, DO L 389, de 31 de decembro de 1992. As medidas urxentes da Comisión teñen un período de aplicación de seis meses, cabendo na actualidade a posibilidade de renovar ese prazo por outro similar. Por outra parte, os Estados membros tamén están facultados para adoptar decisións urxentes de conservación e xestión aplicables a todos os buques pesqueiros dentro das súas zonas de 12 millas, a condición de que nesas espazos non se apliquen xa medidas comunitarias de conservación, de que esas medidas non sexan discriminatorias, e de que se realizaran consultas tanto coa Comisión como con outros Estados membros interesados e co Consello Consultivo Rexional pertinente. A validez desas medidas, a diferenza do que ocorre coas acordadas pola Comisión, tan só é de tres meses. Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/news\\_corner/press/inf02\\_61\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/news_corner/press/inf02_61_es.htm).

pesqueiro<sup>27</sup> – orientadas a paliar o risco de desaparición da pescada do sueste de Irlanda e do golfo de Biscaia, así como do bacallau do mar do Norte, do oeste de Escocia, do *Skagerrak* e do *Kattegat*. Neste contexto resulta interesante destacar que, finalizado o período transitorio que restrinxía o acceso dos buques pesqueiros españois, portugueses e finlandeses a determinadas zonas do mar do Norte, desde o 1 de xaneiro de 2003 eses buques teñen dereito a pescar nesas áreas os recursos non regulados ou asignados. Sexa como fose, a pesca non controlada é obxecto dun estreito seguimento co fin de avaliar o seu impacto sobre a regulamentada, podendo a Comisión, se fose necesario, propoñer novas normas sobre a base de ditames científicos<sup>28</sup>.

Se nos situamos nos *plans plurianuais de xestión*, isto é, aqueles que pretenden manter as especies que non corren perigo de extinción dentro dos límites biolóxicos de seguridade, a extensa participación comunitaria no elenco de organizacións internacionais de pesca<sup>29</sup> require considerar, así mesmo, as medidas propostas por aquelas en torno á sustentabilidade do sector. Así, aínda que a Comunidade non é membro da Comisión Interamericana do Atún Tropical<sup>30</sup>, si que asinou a convención relativa ao seu fortalecemento<sup>31</sup>. Por esta razón, as limitacións de capturas suxeridas por aquela con respecto ao atún de aleta amarela, ao patudo e ao atún raiado, así como as pautas técnicas relacionadas co tratamento das capturas accidentais, deben ser retidas positivamente tanto pola entidade institucional como polos seus Estados membros para os efectos de garantir na medida do posible a perdurabilidade do recurso.

---

<sup>27</sup> O esforzo pesqueiro é a intensidade con que é exercida a actividade pesqueira, medida coa capacidade dun buque, segundo a súa potencia e arqueo, o tempo da súa actividade e doutros parámetros pertinentes. O esforzo de pesca desenvolvido por un conxunto de buques será a suma do exercicio por cada un deles. Vid. artigo 2 da Lei 3/2001, de 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, BOE núm. 75, de 28 de marzo de 2001, p. 11514. A este respecto, véxase igualmente o Regulamento (CE) núm. 1415/2004 do Consello, de 19 de xullo de 2004, que fixa o nivel máximo anual de esforzo pesqueiro para certas zonas de pesca e pesqueiras.

<sup>28</sup> Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/news\\_corner/press/inf02\\_61\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/news_corner/press/inf02_61_es.htm).

<sup>29</sup> En relación coa participación da Comunidade nas organizacións rexionais de pesca, véxanse o documento COM (1999) 613, Bruxelas, 8 de decembro de 1999, e as conclusións do Consello de 16 de xuño de 2000.

<sup>30</sup> A Comisión Interamericana do Atún Tropical foi creada no ano 1950 mediante un convenio realizado entre os Estados Unidos de América e a República de Costa Rica. Ten a súa sede en La Jolla (California, EE.UU.) e a súa área de competencia abarca o Pacífico oriental. As súas funcións consisten en investigar a abundancia, biometría e ecoloxía dos atúns de aletas amarelas e bonitos do Pacífico oriental e mais as clases de peixe que xeralmente se usan como carnada na pesca do atún, especialmente a sardiña, así como os efectos dos factores humanos e naturais na abundancia das poboacións de peixes que sosteñen estas pesqueiras. Recoméndalles aos Estados membros as medidas máis oportunas para que, mediante accións conxuntas, se logre manter as poboacións en niveis de abundancia que permitan a pesca máxima constante. Tamén publica ou divulga por outros medios informes sobre os resultados das súas investigacións e outros datos científicos e estatísticos. Vid. Iglesias Berlanga (2003, p. 378).

<sup>31</sup> Vid. “Convención relativa ao fortalecemento da Comisión Interamericana do Atún Tropical establecida polo Convenio de 1949 entre os Estados Unidos de América e a República de Costa Rica (Convención de Antigua)”, DO L 15/9, de 19 de xaneiro de 2005.

Neste marco, a decisión da Comisión Internacional para a Conservación do Atún do Atlántico<sup>32</sup>, froito da súa reunión anual de 2004, puxo de relevo con acerto a infraexplotación das cotas da Comunidade con respecto a varios *stocks*. Tratándose dunha boa noticia que resulta dun sistema de xestión eficaz inspirado na asignación de capturas máximas por buque, en función duns criterios que combinan tanto a necesidade de garantirlles unha mínima viabilidade económica ás empresas como a traxectoria histórica dos distintos barcos, medida en atención ás súas capturas durante os tres últimos anos, o importante é que o reparto das posibilidades de pesca resultante da subexplotación se leve a cabo de forma proporcional entre os Estados membros sobre a base dos seus respectivos defectos extractivos.

Ademais, de conformidade cos plans plurianuais de recuperación, o Consello de Ministros de Pesca manifestou, a través do Regulamento (CE) núm. 27/2005, de 22 de decembro de 2004, a necesidade de aplicar un sistema provisional de xestión do esforzo que se adapte ao estado actual dos *stocks* de linguado da Mancha occidental, da pescada austral<sup>33</sup> e do lagostino, así como dos recursos de bacallau fresco<sup>34</sup> do *Kattegat*, do mar do Norte, do *Skagerrak* e da Mancha occidental, do mar de Irlanda e do oeste de Escocia<sup>35</sup>.

O cumprimento efectivo destas iniciativas require, porén, un período transitorio de adaptación que sexa capaz de superar as renitencias económicas e sociais que implican. Por este motivo, lonxe de substituír de maneira radical a fixación anual do volume de capturas mediante os coñecidos TAC, o obxectivo da nova PPC reside en conciliar as recomendacións científicas sobre as que a Comisión avalía as posibilidades de pesca cos obxectivos establecidos nos plans plurianuais de recuperación e de xestión<sup>36</sup>. Neste sentido, e malia a necesidade advertida de reducir progresivamente os TAC de moitas especies, España conseguiu manter, e mesmo in-

<sup>32</sup> A Comisión Internacional para a Conservación do Atún do Atlántico foi creada polo Convenio de Río de Janeiro de 1966 e ten a súa sede en Madrid (España). España foi membro desta organización desde a súa creación ata a adhesión á CE en novembro de 1997, data na que os Estados membros se retiraron da Comisión, sendo a Comunidade quen representa a partir dese momento os intereses dos países comunitarios. A CICA é unha organización de cooperación para garantir a sustentabilidade do atún e das súas especies afíns (albacora ou bonito listado, atún de aleta amarela, bonito, peixe espada, etc.) en niveis que permitan capturas máximas continuas. A súa área xeográfica de competencia abrangue o océano Atlántico e mares adxacentes coma o mar Caribe e o mar Mediterráneo. Esta Comisión posúe unha estrutura complexa, composta por un consello, unha secretaría, tres comités –de Finanzas e Administración (STACFAD), Científico e Estatístico (SCRS) e Sancionador; este último é o órgano responsable de velar polo cumprimento e efectividade, por parte dos seus membros, das medidas adoptadas pola Comisión– e catro subcomisións divididas por especies, por grupos de especies ou por zonas xeográficas, e desempeña tanto funcións simplemente científicas –elaboración de informes estatísticos e científicos– coma actividades prácticas de ordenación –fixación do TAC e reparto de cotas nacionais–. A Comisión adopta as súas resolucións por maioría (artigo III, 3 do Convenio constitutivo), e estas son “vinculantes” para os seus membros, agás para aqueles que as obxecten. Vid. Iglesias Berlanga (2003, pp. 227-228).

<sup>33</sup> Vid. Regulamento (CE) núm. 811/2004, do Consello, de 21 de abril de 2004, polo que se institúen medidas de recuperación do *stock* de pescada do norte.

<sup>34</sup> Vid. Regulamento (CE) núm. 423/2004, do Consello, de 26 de febreiro de 2004, polo que se institúen medidas de recuperación dos *stocks* de bacallau.

<sup>35</sup> Vid. parágrafo 18 do Regulamento (CE) núm. 27/2005, do Consello, de 22 de decembro de 2004, *op. cit.*

<sup>36</sup> Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/reform/conservation\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/reform/conservation_es.htm), p. 2.

crementar, unha gran parte das cotas obxectivo da flota española para o ano 2005.

Así, ademais de lograr un aumento de capturas de atún branco, de rape, de patudo, de pescada, de rapante, de cigala, de linguado, de peixe espada, de lirio, de cabra de altura e de xurelo, tamén se conservaron as cotas na maior parte das zonas de xestión de atún vermello, de xarda e de abadexo. En canto ás poboacións obxecto de diminución, non podemos esquecer que, logo ser consensuada co sector, esa redución se sitúa en torno ao 10%. Máis aínda, polo que se refire ás peticións españolas relativas ao recoñecemento dos dereitos históricos da flota conxeladora que opera na zona de regulamentación da Organización de Pesqueiras do Atlántico Noroccidental (OPANO)<sup>37</sup>, España viu ampliados os seus dereitos sobre tres novas especies, actualmente reguladas mediante o sistema de TAC: a raia, a cabra e a locha branca, poboacións con respecto ás cales as oportunidades extractivas españolas se sitúan nun 77,2%, nun 25,3% e nun 43%, respectivamente.

## 2.2. O INCENTIVO DO USO DE ARTES E DE TÉCNICAS DE PESCA MÁIS SELECTIVAS: AS REDES DE ENMALLE Á DERIVA E A PESCA DE ARRASTRE DE FONDO EN AUGAS INTERNACIONAIS

Como é sabido, mediante a Decisión de 8 de xuño de 1998 o Consello de Ministros da Comunidade tomou a determinación de prohibir o uso de redes de enmalle á deriva<sup>38</sup> para a captura de peixes no Atlántico e no Mediterráneo a partir do 1 de xaneiro de 2002<sup>39</sup>. A propia Unión Europea recoñeceu, porén, que aínda quedan varias decenas de buques utilizando esas artes baixo nomes diferentes como “*spadare*”, “*alalungare*” ou “*ferretara*”, segundo se dediquen, respectivamente, á captura do peixe espada, do atún branco ou doutros grandes peláxicos. Pero a utilización destas redes, concentrada ultimamente ao sur do mar Tirreno e nos arredores de Sicilia, non é estraña noutras variedades e noutros escenarios. Así, ao igual ca en Francia é frecuente a “*thonaille*” –técnica destinada á captura de túnidos cuxa peculiaridade reside na ancoraxe dun dos extremos da rede ao fondo para evitar a súa clasificación como “derivante”–, certas embarcacións mexicanas no Pacífico e

<sup>37</sup> A Organización de Pesqueiras do Atlántico Noroeste (OPANO) foi constituída polo Convenio de 1978 sobre futura cooperación multilateral nos caladoiros do Atlántico noroeste e é responsable de contribuír, a través de consultas e cooperación, á utilización óptima, ordenación racional e conservación dos recursos pesqueiros da “zona do convenio” (artigo 1.1 e 2). Con respecto á súa estrutura orgánica, a OPANO conta cun Consello Xeral, cun Consello Científico, cunha Comisión Pesqueira e cunha Secretaría. Para máis información sobre esta Comisión, véxase Iglesias Berlanga (2003, pp. 229-230).

<sup>38</sup> Enormes redes rectangulares, de diversos quilómetros de lonxitude, provistas dunha malla especial destinada a facilitar o enmallado dos peixes que atopan coa arte. Cálanse durante diversas horas e son moi prexudiciais para o ecosistema polo gran volume de capturas que acompañan (cetáceos, tartarugas, aves mariñas). Son coñecidas como “cortinas da morte”. Vid. Martínez Prat e Tudela Casanovas (1995, p. 12), Savini (1990, pp. 777-817), Badenes Casino (1994, pp. 41-53).

<sup>39</sup> Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/news\\_corner/doss\\_inf/info34\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/news_corner/doss_inf/info34_es.htm).

máis de 170 buques marroquís continúan utilizando estas “cortinas da morte” –de ata 14 quilómetros de lonxitude– tanto no Mediterráneo coma no Atlántico para a pesca do peixe espada e dun lamentable volume de capturas accidentais.

Agora ben, dado que os países da Unión Europea –e entre eles, España– son os que fabrican, venden, importan e comercializan as capturas extraídas con tan criticado método de pesca, é imprescindible que a propia institución internacional asuma un papel “moi activo” orientado á reconversión das flotas deses terceiros Estados e á adopción de normas comunitarias compatibles coas regras da Organización Mundial do Comercio (OMC) que prohiban o comercio dos produtos da pesca capturados á marxe dos acordos internacionais sobre a xestión sostible dos recursos pesqueiros<sup>40</sup>. As estratexias da Comisión Internacional para a Conservación do Atún do Atlántico (CICAA) para asegurar a eficacia dos programas de sustentabilidade do atún vermello do Atlántico –orixinario de Guinea Ecuatorial e de Serra Leoa<sup>41</sup>–, do patudo do Atlántico –procedente de Bolivia, de Camboxa, de Xeorxia, de Guinea Ecuatorial e de Serra Leoa<sup>42</sup>– ou do peixe espada do Atlántico –capturado en Serra Leoa<sup>43</sup>– resultan a todas luces especialmente orientadoras.

En canto á pesca de arrastre de fondo en augas internacionais, isto é, a que se realiza mediante redes xigantes armadas con grandes portas de aceiro e pesados rolos que se arrastran polo fondo do mar, capturando practicamente todo o que atopan no seu camiño e deixando o que non se pesca seriamente danado ou totalmente destruído, os argumentos esgrimidos pola Unión Europea –e en concreto por España<sup>44</sup>– foron suficientes para evitar que a Organización das Nacións Unidas (ONU) satanice os preto de 100.000 arrasteiros que traballan por todo o mundo, dos cales uns 15.000 son comunitarios. Deste modo, recoñecendo o impacto negativo desta técnica sobre as profundidades mariñas<sup>45</sup>, defendido *inter alia* por países como Costa Rica e Nova Celandia, a Asemblea Xeral limitou a súa actuación a trasladar-

<sup>40</sup> Vid. “Plan de actuación comunitario para erradicar la pesca ilegal, incontrolada y no regulada”, COM (2002) 180 final, Bruxelas, 28 de maio de 2002.

<sup>41</sup> Vid. Regulamento (CE) núm. 826/2004 do Consello, de 26 de abril de 2004, polo que se prohíbe a importación de atún vermello (*Thunnus thynnus*) do Atlántico orixinario de Guinea Ecuatorial e de Serra Leoa e se derroga o Regulamento (CE) núm. 2092/2000, DO L 127/19, de 29 de abril de 2004.

<sup>42</sup> Vid. Regulamento (CE) núm. 827/2004 do Consello, de 26 de abril de 2004, polo que se prohíbe a importación de patudo (*Thunnus obesus*) do Atlántico orixinario de Bolivia, de Camboxa, de Xeorxia, de Guinea Ecuatorial e de Serra Leoa e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1036/2001, DO L 127/21, de 29 de abril de 2004.

<sup>43</sup> Vid. Regulamento (CE) núm. 828/2004 do Consello, de 26 de abril de 2004, polo que se prohíbe a importación de peixe espada (*Xiphias gladius*) do Atlántico orixinario de Serra Leoa e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 2093/2000, DO L/23, de 29 de abril de 2004.

<sup>44</sup> Na súa oposición á prohibición do arrastre, España tivo como principais aliados a Canadá e ao Xapón. España é responsable do 40% das capturas globais, seguida doutros países da Unión Europea que suman un 20% máis.

<sup>45</sup> Aínda que ata hai pouco se consideraba que as profundidades abisais estaban practicamente desprovistas de vida, agora estímase que ata 10 millóns de especies poden vivir no fondo do mar, dentro do sedimento ou nadando na área estreitamente relacionada co fondo. Isto converte esta fría e escura zona nunha das máis ricas en formas de vida do planeta. Nas augas norueguesas, calcúlase que entre un terzo e a metade dos arrecifes de coral xa foron danados ou destruídos pola pesca de arrastre de fondo.

lle o problema ás organizacións rexionais de pesqueiras<sup>46</sup> primando –segundo Juan López de Uralde, director de Greenpeace España– “*el interés de unos pocos países con flotas arrastreras<sup>47</sup> sobre la ciencia y el sentido común*”.

Sexa como fose, e dado que as redes de enmalle á deriva é unha técnica finalmente prohibida por cousa da desbordante presión da opinión pública, o director xeral da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN)<sup>48</sup> insistiu ante a Asemblea Xeral da ONU para que a partir do ano 2006 se leve a cabo unha prohibición temporal das prácticas pesqueiras de arrastre de fondo en mar aberto nas áreas excluídas da administración dos regulamentos de pesca rexionais. Prosperará este chamamento, avalado por máis de 1.110 científicos e expertos mariños de todo o mundo, sobre os intereses económicos e sociais dos seus obxectores máis acérrimos? Apostilando *ad pedem literaem* unha expresión do profesor Sánchez Rodríguez a propósito da nociva participación española no Acordo de Nova York sobre poboacións transzonais e altamente migratorias, outras “*cosas veredes, mío Cid...*”.

En definitiva, malia o evidente carácter impopular deste conxunto de iniciativas, pois é obvio que o recorte dos TAC, a fixación de zonas de veda<sup>49</sup> ou a limitación das artes de pesca implican importantes renuncias económico-sociais<sup>50</sup>, o certo é que tan só unha compatibilidade de obxectivos e unha aplicación decisiva de medidas no longo prazo<sup>51</sup> poderán iluminar a inquietante realidade das pesqueiras europeas e a viabilidade da súa industria. Nestes termos moito é o que aínda queda por

<sup>46</sup> Vid. A/RES/59/24, de 4 de febreiro de 2005.

<sup>47</sup> A moratoria sobre a pesca de arrastre de profundidade en augas internacionais afectaría ás flotas de España, de Rusia, de Nova Celandia, de Portugal, de Noruega, de Estonia, de Dinamarca/Illas Feroe, do Xapón, de Lituania, de Islandia e de Letonia.

<sup>48</sup> O labor da UICN céntrase en xerar informes científicos, en asesorar os Estados sobre os espazos naturais declarados patrimonio da humanidade e en prestar apoio técnico nas estratexias e plans de acción de biodiversidade nacionais.

<sup>49</sup> De acordo coa nova PPC, os Estados membros poderán concederlles axudas aos pescadores e aos propietarios de buques que se vexan obrigados a interromper temporalmente a súa actividade por motivos imprevisibles. Esas axudas outorgaríanse por tres ou por seis meses consecutivos, podendo prorrogarse dun ano para outro no caso de que a interrupción temporal se deba á aplicación dun plan de recuperación ou de xestión plurianual ou de medidas urxentes adoptadas pola Comisión ou polos Estados membros. Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/news\\_comer/press/inf02\\_61\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/news_comer/press/inf02_61_es.htm).

<sup>50</sup> A pesar de que a contribución do sector pesqueiro ao produto nacional bruto dos Estados membros cífrase polo xeral en menos dun 1%, a súa repercusión é moi significativa en termos de creación de emprego en rexións nas que con frecuencia existen poucas alternativas. Actualmente, están directamente ocupados no sector da captura preto de 260.000 pescadores, ben a tempo completo ou parcial, aínda que as súas actividades xeran outras ocupacións na industria da transformación, no envasado, no transporte, na comercialización, na fabricación de artes de pesca e en empresas de abastecemento e de mantemento. O traballo no sector pesqueiro representa o 10% do conxunto dos empregos en vinte zonas costeiras da Unión Europea, como a costa atlántica española, a costa oriental italiana e a costa escocesa. Aínda que noutras áreas a porcentaxe sexa menor, a súa consideración non deixa de ser significativa. Vid. “Plan de actuación para contrarrestar las consecuencias sociales, económicas y regionales de la reestructuración de la industria pesquera de la Unión Europea”, COM (2002) 600 final, 6.11.2002; [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/doc\\_et\\_publ/factsheets/facts/es/pcp2\\_1.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/doc_et_publ/factsheets/facts/es/pcp2_1.htm).

<sup>51</sup> Dado que as medidas de conservación deben adoptarse conforme á mellor información científica dispoñible, a Comisión propuxo unha reorganización do intercambio de datos e a asignación de maiores recursos para facilitar o asesoramento. Vid. “Comunicación de la Comisión sobre la mejora de los dictámenes científicos y técnicos para la gestión de la pesca comunitaria”, DO C 47/5, de 27 de febreiro de 2003.

facen para completar con éxito tan ambiciosa tarefa; unha empresa á que deben adaptarse os novos *partenaires* comunitarios<sup>52</sup> despregando para iso considerables esforzos lexislativos, administrativos e estruturais<sup>53</sup>. Valorando, así e todo, que a maioría deles –incluídos os tres que non teñen litoral marítimo: a República Checa, Hungría e Eslovaquia– lle dedican unha especial atención á acuicultura<sup>54</sup>, as consecuencias da ampliación sobre a PPC serán, como sostén Fischler, limitadas<sup>55</sup>.

### 3. A REESTRUTURACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO

#### 3.1. A RENEGOCIACIÓN DE ACORDOS E DE PROTOCOLOS

Logo da Resolución da Haya de 3 de novembro de 1976, a negociación de acordos pesqueiros internacionais é competencia exclusiva da Comunidade Europea<sup>56</sup>,

<sup>52</sup> A saber, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia e a República Checa.

<sup>53</sup> Os países recentemente adheridos á UE teñen a obriga, por unha parte, de adaptar a súa lexislación ao acervo comunitario e, por outra, de poñer en funcionamento estruturas administrativas que fagan posible a aplicación das obrigas derivadas da PPC. Para poder superar as dificultades mencionadas, os dez países PECO contan coa axuda financeira que subministran os programas PHARE e SAPARD. Así, mentres o programa PHARE lles reporta ás administracións a asistencia técnica e de capital necesarias para unha rápida adaptación aos requisitos lexislativos e institucionais do acervo comunitario, cunha dotación orzamentaria de 1.500 millóns de euros para o período 2000-2006, o programa SAPARD beneficia –nos que á pesca se refire– a industria da transformación e os circuitos de comercialización dos produtos pesqueiros e da acuicultura. A contribución da UE ao programa ascende a 3.700 millóns de euros para o período 2000-2006. Ademais, mentres que a aplicación dos proxectos PHARE se realiza coa asistencia das administracións dos Estados membros, a ordenación de SAPARD é descentralizada, servindo de preparación para a xestión dos fondos estruturais. Por outro lado, aínda que Chipre e Malta non poden acollerse a estes instrumentos, isto non quere dicir que non contan con mecanismos específicos para o financiamento da súa adhesión. Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/enlargement/index\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/enlargement/index_es.htm).

<sup>54</sup> Como consecuencia do seu rápido crecemento nos últimos anos, a industria europea da acuicultura enfróntase hoxe a unha serie de retos relacionados co mercado e co medio. Co fin de manter a competitividade, a produtividade e a sustentabilidade do sector europeo da acuicultura, a Comisión presentou unha estratexia dirixida fundamentalmente a: 1) garantir a seguridade dos empregos; 2) subministrar uns produtos que sexan seguros e de boa calidade, promovendo á vez uns niveis aceptables de sanidade e de benestar dos animais; e c) asegurar unha industria respectuosa co medio. Entre os 25 Estados membros, os maiores produtores acuícolas foron no ano 2002: España (260.000 toneladas), Francia (250.000 toneladas), Italia e o Reino Unido (180.000 toneladas cada un). Para máis información sobre esta cuestión, véxase, “Estrategia para el desarrollo sostenible de la acuicultura europea”, COM (2002) 511 final, Bruxelas, 19 de setembro de 2002; [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/policy\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/policy_es.htm).

<sup>55</sup> Vid. discurso do Sr. Fischler ante o Parlamento Europeo en xuño de 2001 ([http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/enlargement/index\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/enlargement/index_es.htm)).

<sup>56</sup> Esa competencia exclusiva pode ser exercida ben de maneira bilateral por medio de acordos con terceiros países, ou ben de modo multilateral no seo de organizacións internacionais ou a través da súa participación en acordos de vocación universal. O reparto de competencias e papeis dos distintos órganos da Comunidade Europea fai que sexa o Consello quen aprobe as directrices de negociación e que esta corresponda á Comisión, que se encarga de todo o proceso desde os primeiros contactos ata a elaboración do protocolo. O proxecto de acordo resultante das negociacións preséntaselle ao Parlamento e é finalmente o Consello quen adopta o acordo. A Comisión, que desempeña o papel principal no dispositivo dos ACP, ocúpase posteriormente da xestión administrativa, financeira e técnica do acordo, en cooperación coas administracións dos Estados membros e actúa de interface cos terceiros países. Vid. Sobrino Heredia e Rey Aneiros (1997, p. 303), Nitsch (1980, pp. 452-474), Meseguer Sánchez (1981, pp. 53-65), “Evaluación de los acuerdos de pesca celebrados por la Comunidad Europea. Informe de síntesis”, IFREMER, Contrato Europeo núm. 97/S 240-152919, de 10 de decembro de 1997, agosto 1999, p. 5. Sobre a participación da Comunidade Europea nos organismos de ordenación pesqueira, véxase Iglesias Berlanga (2003, pp. 205-235).

polo que as accións desenvolvidas pola Administración española han entenderse no ámbito da participación nos órganos de decisión da entidade internacional<sup>57</sup>.

Neste contexto, a flota española que exerce a súa actividade no marco dos acordos comunitarios con terceiros países<sup>58</sup> pódese agrupar en dous grandes bloques. Por un lado están os buques pesqueiros dedicados á captura de especies altamente migratorias (atúns, peixe espada) e, por outro, os buques de pesca dirixidos á explotación de especies demersais ou de fondo (peixe branco, marisco, cefalópodos). Na maioría dos acordos de pesca establecidos pola Comunidade Europea recóllense oportunidades de extracción para ambas as dúas flotas, aínda que existen convenios que regulan exclusivamente as posibilidades de captura para os buques cuxas pesqueiras van dirixidas en esencia ao atún e ao peixe espada.

Chegados a este punto, e sen perder de vista a proposta da Comisión relativa á instauración paulatina de instrumentos e de procedementos baseados en convenios de asociación capaces de delimitar un marco integrado e vinculante entre as partes que asegure a coherencia da política pesqueira exterior da Comunidade con respecto aos Estados ribeiregos cos que mantén relacións en materia de pesca<sup>59</sup>, os acordos con terceiros países renovados pola CE no período 2001-2005 son os que seguen:

♦ *ACORDOS DO SUR:*

- *Acordo CE/Madagascar:* Destaca a renovación do protocolo de aplicación do acordo por tres anos, a partir do 1 de xaneiro de 2004, coas seguintes posibilidades de pesca: atuneiros cerqueiros conxeladores: 40 buques (22 españois); palanqueiros de superficie: 40 buques (24 españois)<sup>60</sup>. Así como o número de atuneiros

<sup>57</sup> Aínda que a participación nacional se limita á formación dos criterios comúns nas negociacións con terceiros países ou no seo dos organismos multilaterais, iso non quere dicir que a CE non teña en conta os intereses particulares de cada membro en determinadas zonas e trate de defendelos, senón que ven matizados polos globais de toda a Comunidade.

<sup>58</sup> Estes acordos fixan as condicións xerais que rexen as relacións de pesca entre as dúas partes contratantes. Inclúen disposicións xenéricas sobre o acceso ás zonas de pesca, os dereitos de compensación ou de licenza e a cooperación científica na rexión de que se trate, así como os procedementos que permitan resolver os litixios. Eses acordos conclúense normalmente para varios anos e inclúen unha cláusula de prórroga tácita. As condicións técnicas e financeiras vinculadas ás actividades de pesca figuran nun anexo e nun protocolo adxuntos ao acordo marco. Estas condicións varían dun acordo a outro e revísanse periodicamente. A obtención de posibilidades de pesca en augas de terceiros Estados implica a oferta dunha contrapartida por parte da Comunidade aos terceiros países. Deste modo, o tipo de acordo de pesca difire en función da forma desa contrapartida, que pode ser: a) exclusivamente financeira (neste grupo inclúense os acordos concluídos pola Comunidade con países en vías de desenvolvemento do grupo ACP, como Angola, Cabo Verde, Costa de Marfil, Mauricio, Mauritania, etc.); b) de carácter comercial, respectando en todo caso as obrigas internacionais da Comunidade (tal é o caso do acordo con Canadá); c) de intercambio de posibilidades de pesca (por exemplo, os acordos concluídos con Noruega, coas illas Feroe e con Islandia) ou d) consistir na combinación dalgúns destes elementos (como é o caso do acordo con Groenlandia, que combina a contrapartida financeira co intercambio das posibilidades de pesca e as concesións comerciais). Vid. Sobrino Heredia e Rey Aneiros (1997, pp. 303-304), Parlement Européen, Direction Générale d'Études (pp. 121-123).

<sup>59</sup> Vid. COM (2002) 637 final, Bruxelas, 23 de decembro de 2002.

<sup>60</sup> Vid. DO L 94, de 13 de abril de 2005, pp. 1-5.

cerqueiros conxeladores españois é o mesmo ca no período anterior, os palangreiros de superficie aumentaron en catro unidades.

- *Acordo CE/Costa de Marfil*: A última renegociación do protocolo de aplicación deste acordo, cuxa vixencia se estende desde o 1 de xullo de 2004 ata o 30 de xuño de 2007, prevé as seguintes posibilidades de pesca: arrastreiros conxeladores de pesca demersal que pesquen crustáceos de augas profundas, cefalópodos e peixes demersais: 1.300 toneladas de rexistro bruto (en adiante, TRB) ao mes como media anual, das cales a totalidade lle corresponde a España; atuneiros con liñas e canas: 3 buques; palangreiros de superficie: 11 buques (6 españois); atuneiros cerqueiros: 34 buques (17 españois)<sup>61</sup>. Con respecto ás estimacións do protocolo anterior, España perdeu catro buques atuneiros cerqueiros e oito palangreiros de superficie.
- *Acordo CE/Mauricio*: A revisión do protocolo de aplicación do acordo ampliou a súa duración ata o 2 de decembro de 2007, coas seguintes posibilidades de pesca: atuneiros cerqueiros: 41 buques (22 españois); palangreiros de superficie: 49 buques (19 españois)<sup>62</sup>. Neste caso, e a diferenza do protocolo expirado, España incrementou o número de atuneiros cerqueiros en dúas unidades.
- *Acordo CE/Cabo Verde*: Vixente desde o 1 de xullo de 2004 ata o 30 de xuño de 2005, as posibilidades de pesca da renegociación do protocolo de aplicación do acordo para a flota española son as seguintes: atuneiros cerqueiros conxeladores: 18 buques; atuneiros caneiros: 10 buques; palangreiros de superficie: 52 buques<sup>63</sup>. É dicir, España mantivo o número de atuneiros cerqueiros conxeladores, aumentando o total de atuneiros caneiros en oito unidades e en trinta e catro os palangreiros de superficie con respecto ao protocolo anterior. Sexa como fose, e dada a próxima expiración daquel, cómpre que a Administración española actúe axiña ante as instancias comunitarias pertinentes para os efectos de negociar a súa prórroga.
- *Acordo CE/Guinea-Bissau*: A última revisión do protocolo de aplicación do acordo prevé a súa duración ata o 15 de xuño de 2006, coas seguintes posibilidades de pesca: arrastreiros camaroneiros conxeladores: 4.400 TRB, das cales corresponden a España 1.421 TRB; arrastreiros conxeladores de peixes de aleta e de cefalópodos: 4.400 TRB, das que as posibilidades extractivas españolas son 3.143 TRB; atuneiros cerqueiros conxeladores: 40 buques (20 españois); atuneiros caneiros e palangreiros de superficie: 30 buques (21 españois)<sup>64</sup>. España perdeu, xa que logo, dezoito atuneiros caneiros e palangreiros de superficie e aumentou en tres unidades os atuneiros cerqueiros conxeladores con respecto ás previsións do protocolo anterior.

---

<sup>61</sup> Vid. DO L 76, de 22 de marzo de 2005.

<sup>62</sup> Vid. DO L 348, de 24 de novembro de 2004.

<sup>63</sup> Vid. DO L 332, de 6 de novembro de 2004.

<sup>64</sup> Vid. DO L 127, de 29 de abril de 2004.

- *Acordo CE/República de Guinea*: En vigor desde o 1 de xaneiro de 2004 ata o 31 de decembro de 2008, as posibilidades de pesca que ofrece a renegociación do protocolo de aplicación do acordo á flota española son as seguintes: arrastreiros (peixes e cefalópodos): 2.500 TRB mensuais de media anual no ano 2004 e 3.500 TRB nos anos 2005, 2006, 2007 e 2008 (España: 844 TRB); arrastreiros camaroneiros: 1.500 TRB mensuais de media anual (España: 1.050 TRB); atuneiros cerqueiros conxeladores: 34 buques (17 españois); atuneiros caneiros: 14 buques (7 españois); palangreiros de superficie: 9 buques (8 españois)<sup>65</sup>.
- *Acordo CE/Mozambique*: Prevista a súa vixencia por un período de tres anos a partir da entrada en vigor do acordo, as posibilidades de pesca do protocolo de aplicación son as seguintes: arrastreiros conxeladores de pesca demersal de gambas de profundidade: ata 1.000 toneladas anuais e 535 toneladas de capturas accesorias distribuídas como segue: cigalas (100 tm), cefalópodos (75 tm), peixes (240 tm), lagostas (0 tm), cangrexos (120 tm) para un total de 10 buques (España ten un TAC de 550 tm de gambas de profundidade máis 295 tm de capturas accesorias segundo o reparto por especie fixado polo protocolo); atuneiros cerqueiros conxeladores: 35 buques (17 españois); palangreiros de superficie: 14 buques (8 españois)<sup>66</sup>.
- *Acordo CE/Kiribati*: Vixente durante cinco anos a partir da entrada en vigor do acordo, e convida a súa renovación tácita por períodos de dous anos, agás denuncia notificada cunha antelación mínima de tres meses á data de expiración de cada tempada bienal, as posibilidades de pesca do protocolo de aplicación para a flota española son as que seguen: cerqueiros: 75% das licenzas dispoñibles; palangreiros: 6 buques<sup>67</sup>.
- *Acordo CE/Senegal*: Convida a súa duración para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2002 e o 30 de xuño de 2006, as posibilidades de pesca do protocolo de aplicación do acordo son as seguintes: arrastreiros de pesca demersal de baixura de peixes e de cefalópodos que desembarquen e comercialicen unha parte das súas capturas no Senegal: 1.500 toneladas de arqueo bruto (en adiante, TAB) por trimestre (España: 704 TAB por trimestre); arrastreiros de pesca demersal de altura e palangreiros de fondo que non desembarquen as súas capturas no Senegal: 3.500 TAB ao mes como media anual (España: 3.000 TAB ao mes de media anual); arrastreiros conxeladores de pesca demersal de altura de crustáceos, agás a lagosta, que non desembarquen as súas capturas no Senegal: 3.500 TAB ao mes como media anual (España: 3.186 TAB ao mes de media anual); atuneiros caneiros: 16 buques (10 españois); cerqueiros conxeladores: 39 buques (21 españois); palangreiros de superficie: 23 buques (20 españois)<sup>68</sup>. Conséguese, xa que logo,

<sup>65</sup> Vid. DO L 127, de 29 de abril de 2004 e DO L 99, de 3 de abril de 2004.

<sup>66</sup> Vid. DO L 345, de 31 de decembro de 2003.

<sup>67</sup> Vid. DO L 126, de 22 de maio de 2003.

<sup>68</sup> Vid. DO L 349, de 24 de decembro de 2002.

un aumento de cinco atuneiros caneiros, manténdose o total de palangreiros de superficie en relación co protocolo anterior.

- *Acordo CE/República Gabonesa*: Vixente desde o 3 de decembro de 2001 ata o 2 de decembro de 2005, o último protocolo de aplicación do acordo establece as seguintes posibilidades de pesca: arrasteiros conxeladores de pesca demersal que pesquen crustáceos e cefalópodos: 1.200 TRB ao mes como media anual (España: 900 TRB ao mes como media anual); atuneiros cerqueiros conxeladores: 38 buques (18 españois); palangreiros de superficie: 26 buques (20 españois)<sup>69</sup>. Así pois, España perdeu catro atuneiros cerqueiros conxeladores e dous palangreiros de superficie con respecto ás previsións do protocolo anterior.
- *Acordo CE/Mauritania*: A última renegociación do protocolo de aplicación do acordo, en vigor durante o período comprendido entre o 1 de agosto de 2001 e o 31 de xullo de 2006, fixou as seguintes posibilidades de pesca para a flota española: crustáceos, agás lagostas: 4.364 TRB; pescada senegalesa: 8.500 TRB; especies demersais, agás pescada senegalesa: 1.300 TRB; especies demersais (arrastre): 4.000 TRB; cefalópodos: 50 TRB; atuneiros cerqueiros: 18 buques; atuneiros caneiros: 20 buques<sup>70</sup>.
- *Acordo CE/Santo Tomé e Príncipe*: Expirado o protocolo de aplicación do acordo o pasado 31 de maio de 2005, as posibilidades de pesca para a flota española eran as seguintes: atuneiros cerqueiros conxeladores: 36 buques (18 españois); atuneiros caneiros: 2 buques; palangreiros de superficie: 25 buques (20 españois); pesca experimental do cangrexo de profundidade (unicamente desde o 1 de xuño de 2002 ata o 31 de maio de 2003): 2 buques españois de menos de 250 TRB<sup>71</sup>. En consecuencia, España perdeu oito palangreiros de superficie en relación co protocolo anterior. Como advertimos *supra*, cómpre que a Administración española inicie sen demora as xestións oportunas en Bruxelas para os efectos de conseguir unha prórroga das súas oportunidades extractivas.
- *Acordo CE/Seychelles*: Finalizada a vixencia do protocolo de aplicación do acordo o 17 de xaneiro de 2005, as posibilidades de pesca fixadas para a flota española eran as seguintes: atuneiros cerqueiros conxeladores: 18 buques; palangreiros de superficie: 15 buques<sup>72</sup>. Polo tanto, España reduce o número de atuneiros cerqueiros conxeladores e de palangreiros de superficie en sete e en cinco unidades, respectivamente, en comparación co protocolo anterior.
- *Acordo CE/Angola*: Recentemente renegociado sen éxito, o protocolo de aplicación do acordo, de duración bianual “2002-2004”, fixaba as seguintes posibilidades de pesca para a flota española: camaroneiros: 6.550 TAB ao mes como media

<sup>69</sup> Vid. DO L 73, de 15 de marzo de 2002.

<sup>70</sup> Vid. DO L 341, de 22 de decembro de 2001.

<sup>71</sup> Vid. DO L 351, de 28 de decembro de 2002.

<sup>72</sup> Vid. DO L 144, de 1 de xuño de 2002.

anual (22 buques); pesca demersal: 1.850 TAB; atuneiros cerqueiros conxelados: 9 buques; palangreiros de superficie: 14 buques<sup>73</sup>.

◆ ACORDOS DO NORTE:

- *Acordo de pesca CE/Noruega*<sup>74</sup>: Este acordo foi asinado o 27 de febreiro de 1980 e entrou en vigor o 16 de xuño de 1981 cunha duración de seis anos; ao non terse denunciado no prazo previsto, quedou prorrogado por outro período similar. O acordo está baseado nun equilibrio mutuo en materia de pesca (reciprocidade), existindo tres zonas de explotación importantes: augas autónomas comunitarias, augas autónomas norueguesas e augas compartidas por ambas as dúas partes no mar do Norte. Os Estados membros que participan neste acordo son Alemaña, Francia, Dinamarca, España, Portugal, o Reino Unido e Suecia. As especies que se pescan no seu marco de regulación son as seguintes: bacallau, eglefino, carboeiro, cabra de altura, fletán, lirio, xarda, faneca norueguesa, lanzón e camarón. A pesar de que España obtivo no marco das súas relacións pesqueiras bilaterais con Noruega cotas de bacallau, de eglefino, de carboeiro, de cabra de altura e de pota durante o período 1978-1981, logo da súa adhesión á Comunidade só se conseguiron cotas de cabra de altura (as de bacallau obteríaa posteriormente no marco das negociacións do Acordo do Espazo Económico Europeo). No período 1996-2005 España mantivo *grosso modo* estas cotas no seo dos diferentes acordos anuais. Cómpre destacar, por último, que España colabora na avaliación do stock de bacallau mediante un programa de observadores científicos do Instituto Español de Oceanografía (IEO) e do Instituto Tecnolóxico Pesqueiro e Alimentario (AZTI) de Donostia.
- *Tratado de París-Caladoiro Svalbard*: As actividades pesqueiras no caladoiro Svalbard (augas internacionais do mar de Barents) enmárcanse no Tratado de París de 9 de febreiro de 1920, ao que España se adheriu o 2 de novembro de 1925. Este tratado reconece a soberanía norueguesa sobre o arquipélago ártico de *Spitsberg*<sup>75</sup> (Svalbard ou “costas frías”)<sup>76</sup>, establecendo, así e todo, o dereito das restantes partes a que os seus nacionais participen nas actividades de explotación. A pesar de que a CE non é signataria deste tratado, xestiona as operacións da flota comunitaria de acordo cunha porcentaxe de participación no TAC de bacallau ártico, negociado entre a CE e Noruega.

<sup>73</sup> Vid. DO L 351, de 28 de decembro de 2002.

<sup>74</sup> Vid. DO L 226, de 29 de agosto de 1980, p. 48 e DO L 346, de 31 de decembro de 1993.

<sup>75</sup> Nome de orixe holandés que significa “montañas bicudas”.

<sup>76</sup> O dito arquipélago está situado a medio camiño entre a Noruega continental e o Polo Norte, entre o océano Ártico e os mares de Noruega, Grenlandia e Barents. Comprende as terras situadas entre os 10° e os 35° de lonxitude leste e entre os 74° e os 81° de latitude norte, cubrindo unha superficie duns 62.700 km<sup>2</sup>. Arredor do 54% do arquipélago está cuberto por glaciares. A illa principal –*Spitsberg*– comprende as aglomeracións do arquipélago e, xa que logo, o centro administrativo de *Loneyarbyen*. Vid. Fife (2003, p. 2).

- *Acordo de pesca CE/Grenlandia*<sup>77</sup>: O Acordo marco CE/Grenlandia asinouse o 29 de xaneiro de 1985 por un período de dez anos a raíz da saída de Grenlandia da Comunidade Económica Europea<sup>78</sup> co fin de manter as posibilidades de pesca que gozaran ata ese momento os pescadores comunitarios. O seu protocolo de aplicación, renovado por un período de cinco anos, finaliza o 31 de decembro de 2006. Os Estados membros que participaron tradicionalmente neste acordo son Alemaña, Dinamarca, Francia e o Reino Unido.

### 3.2. A SOBRECAPACIDADE DA FLOTA. A SITUACIÓN ACTUAL DA FLOTA PESQUEIRA ESPAÑOLA

A promulgación da Lei de protección e renovación da flota, de 23 de decembro de 1961, potenciou un forte crecemento da flota pesqueira española mediante a concesión de importantes créditos ou incentivos económicos aos armadores. Se temos en conta que neses momentos non se prevía a posibilidade de que os mares se foran parcelar e regular os seus recursos e que, malia a lonxitude do litoral español (superior aos 8.000 kilómetros de costa)<sup>79</sup>, os caladoiros nela existentes, aínda que ricos, son pouco extensos debido á escasa anchura da plataforma continental (hábitat das poboacións ictiolóxicas), era obvio que as novas construcións tiñan que dirixirse cara aos mares daquela libres.

A década dos anos setenta marcou o inicio da crise do sector: a posta en vigor das zonas económicas exclusivas de 200 millas (ZEE) cambiou totalmente a configuración da súa operatividade, xerándose de forma inmediata os necesarios cambios no panorama pesqueiro. *Primo*, ponse fin ao “acceso libre”, que se modifica polo “acceso limitado”; *secundo*, instáuranse as primeiras medidas de regulación para as flotas pesqueiras, sobre todo para as flotas estranxeiras nas ZEE dos Estados con recursos; *tertio*, como consecuencia do anterior, ten lugar unha readaptación das flotas en canto á súa distribución operacional e ao seu reparto por caladoiros ou por zonas, e mesmo por especies, tanto nos casos dos recursos migratorios coma demersais ou de superficie; e, por último, limítase a construción de buques á vista das dificultades para axustar o binomio recursos-flota, coas implicacións sectoriais e económicas que iso xera (González Laxe, 1992, p. 57). A partir do ano 1986, a política de estruturas da Unión Europea contribuíu a acentuar esa orientación mediante a concesión de subsidios á construción de novos barcos e á modernización dos xa existentes, retirando dos caladoiros unicamente os pesqueiros máis antigos e menos rendibles<sup>80</sup>.

<sup>77</sup> Vid. DO L 29, de 1 de febreiro de 1985, p. 9 e DO L 351, de 31 de decembro de 1994, p. 16.

<sup>78</sup> Para máis información sobre este tema, véxase Parlement Européen, Direction Générale des Études (pp. 25-27).

<sup>79</sup> Vid. *Revista El Mar*, núm. 352, (xullo-agosto, 1997), p. 31.

<sup>80</sup> Despois da integración de España e de Portugal na CE, a política de estruturas recibiu unha nova orientación dirixida a fomentar as actividades da flota máis alá das 200 millas. Con este fin, o incremento da súa dotación financeira (pasouse de 250 MECUS/3 anos a 800 MECUS/5 anos) permitiu a construción de buques capacitados para traballar fóra da ZEE comunitaria. Vid. Parlement Européen, Direction Générale des Études (pp. 78-79).

No ano 2004, o número de unidades españolas rexistradas na flota da UE-25 era de 14.400 buques, cunha tonelaxe total de 487.880 TRB, sendo a flota galega a máis importante de todas as rexións europeas e a maior do país co sector pesqueiro máis potente da UE. Proporcionalmente, Galicia posúe case a metade dos buques de pesca abandeirados en España, o que supón aproximadamente o 50% do total de toneladas e máis do 30% da suma da potencia dos motores. En consecuencia, aínda que Grecia e Italia posúen, respectivamente, 19.000 e 15.700 embarcacións, a flota española é a máis significativa da Unión Europea ao superar en 181.270 TRB a suma da tonelaxe grega e italiana. A redución de efectivos españois, cifrada nunhas 2.800 unidades desde o ano 1999 ata o ano 2004, produciuse pola vía dos despezos e da exportación de buques a outros caladoiros en terceiros países, de acordo cos plans de ordenación aplicados neste tempo por Bruxelas. De aí que as melloras suxeridas pola Comisión para a política de acordos pesqueiros sexan fundamentais para os intereses españois.

### 3.3. A POLÍTICA DE ESTRUTURAS: A EXECUCIÓN E O SEGUIMENTO DOS PROGRAMAS DE ORIENTACIÓN PLURIANUAIS (POP)

Co fin de solucionar a relativa efectividade dos Programas de Orientación Plurianuais (POP)<sup>81</sup> e de afrontar, en consecuencia, o problema de sobrecapacidade da flota da UE<sup>82</sup>, o Consello propuxo substituír o sistema anterior por un mecanismo máis sinxelo que descansa en dous piares fundamentais: por un lado, a atribución de maiores competencias aos Estados membros con miras a adecuar a capacidade pesqueira ás posibilidades de pesca e, por outro, a supresión progresiva das axudas públicas concedidas aos investidores privados para renovar ou para modernizar os buques pesqueiros<sup>83</sup>.

Deste modo, as reducións do esforzo terán que calcularse conforme aos niveis dos POP –fixados para o 31 de decembro de 2002– tendendo a diminuír automática e permanentemente cada vez que un buque sexa retirado a través de axudas públicas. Ademais, por cada tonelaxe de arqueo bruto (TAB) que se incorpore á flota mediante esas axudas, os Estados membros deberán desmantelar, sen recibir ningunha prestación, unha capacidade equivalente para o caso de bu-

---

<sup>81</sup> Os POP constitúen o sistema da política estrutural utilizado ata a data para axustar o binomio “recursos-flota”. Para máis información, véxase Iglesias Berlanga (2003, pp. 270-276).

<sup>82</sup> Vid. Regulamento (CE) núm. 26/2004, relativo ao rexistro comunitario da flota pesqueira. Este regulamento establece un novo procedemento para a transmisión da información dos Estados membros á Comisión, segundo o cal cada Estado enviará cada tres meses unha copia ou “instantánea” da información contida no seu rexistro da flota, incluída a súa dimensión histórica. Estes datos substituirán a instantánea anterior. O novo procedemento evitará ter que realizar correccións complexas e longas que a miúdo desembocaban en incoherencias entre o rexistro da flota e a base de datos dos Estados membros. Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/fleet/register\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/fleet/register_es.htm).

<sup>83</sup> Vid. DO L 358, de 31 de decembro de 2002.

ques de ata 100 TAB<sup>84</sup> ou de 1,35 toneladas no caso de buques de maior entidade<sup>85</sup>.

En canto á asistencia para a renovación das flotas, e de acordo coa idea da súa eliminación progresiva, a súa concesión limitouse ata finais do ano 2004 e unicamente con respecto aos buques de menos de 400 TAB e para os Estados que alcanzaran os obxectivos de capacidade globais do POP IV<sup>86</sup>.

Finalmente, ao igual cá creación dun “fondo para despezamentos”<sup>87</sup>, dotado con 32 millóns de euros, pode contribuír ao logro das reducións suplementarias do esforzo pesqueiro esixidas aos Estados membros polos plans de recuperación<sup>88</sup>, as axudas para o traspaso permanente de buques da UE a terceiros países, incluso mediante a creación de empresas mixtas con Estados asociados, finalizaron en decembro de 2004, en relación cos países vinculados convencionalmente coa UE<sup>89</sup>.

Neste sentido, co fin de paliar os efectos da reestruturación, a Comisión suxeriu a eventualidade de reprogramar outras intervencións dos fondos estruturais, así como unha revisión dos programas nacionais, por parte dos Estados membros, destinada a canalizar máis axudas en favor do sector pesqueiro e das zonas dependentes da pesca. Tendo en conta, ademais, que a flota de pequena escala representa preto do 70% do total de buques pesqueiros da UE e case o 50% do emprego existente no ámbito das capturas, tamén sería posible reservar certos caladoiros costeiros (por exemplo, a zona de 12 millas) para eses barcos, así como unha determinada cota do esforzo de pesca atribuída aos Estados membros polos plans de xestión plurianuais, ou mesmo adaptar ás necesidades desas flotas o réxime de axudas estruturais a fin de manter o emprego nas zonas costeiras<sup>90</sup>.

---

<sup>84</sup> Desde un punto de vista práctico, isto significa que antes de incorporar con axuda un buque á flota de, por exemplo, 90 TAB, débese retirar de forma permanente e sen axuda outro buque de 90 TAB ou dous buques de, por exemplo, 60 e 30 TAB. Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/reform/fleet\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/reform/fleet_es.htm).

<sup>85</sup> Así, no caso dun novo buque de 300 TAB, a capacidade que se deberá retirar será de 405 TAB. Os Estados membros que concedan axudas públicas para a renovación da flota terán que reducir a súa capacidade global nun 3% como mínimo en comparación cos seus niveis de referencia e garantir que a capacidade pesqueira total dos novos buques non supera a daqueles que se retiraran permanentemente. Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/news\\_corner/press/inf02\\_61\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/news_corner/press/inf02_61_es.htm).

<sup>86</sup> Cando a modernización teña por obxecto mellorar a seguridade, a calidade dos produtos ou as condicións laborais será posible aumentar o arqueo, aínda que só para mellorar a superestrutura do buque (na cuberta principal). É dicir, exclúese a posibilidade de aumentar a capacidade do buque para capturar peixes.

<sup>87</sup> Vid. DO L 358, de 31 de decembro de 2002.

<sup>88</sup> As axudas do “fondo para despezamentos” están dirixidas aos buques cuxo esforzo pesqueiro teña que reducirse nun 25% ou máis como consecuencia dun plan de recuperación. As primas son un 20% maiores que as que poden obterse do IFOP para o desmantelamento de buques. Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/news\\_corner/press/inf02\\_61\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/news_corner/press/inf02_61_es.htm).

<sup>89</sup> Polo que se refire ás exportacións, a contía da prima límitase ao 30% da que, por despezamento, concede o IFOP. Esa cantidade aumenta ata o 80% no caso das empresas mixtas.

<sup>90</sup> Se se realiza a imaxe do sector, mellorando as condicións de vida e de traballo e o nivel de protección social, e se impulsa unha diversificación de actividades que lles permitan aos pescadores combinar a pesca con outras actividades económicas, o obxectivo dun desenvolvemento costeiro sostible será, desde un enfoque integrador, unha meta viable. Vid. [http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/reform/social\\_es.htm](http://www.europa.eu.int/comm/fisheries/reform/social_es.htm).

#### 4. O CONTROL E A OBSERVANCIA DAS NORMAS DA PPC

Un dos capítulos esenciais da reforma da PPC é a intensificación do control<sup>91</sup> e a observancia, así como unha aplicación máis harmonizada das normas que contribúa ao establecemento de condicións igualitarias<sup>92</sup>. En efecto, ante a heteroxeneidade dos sistemas nacionais de control<sup>93</sup> e do réxime de sancións para os infractores<sup>94</sup>, a Comisión suxeriu –co actual apoio do Consello– fortalecer a cooperación entre as distintas autoridades implicadas co fin de incrementar a transparencia<sup>95</sup> e mellorar a capacidade de rastreo.

Desta forma, cada Estado será responsable do control da súa flota non só nas súas augas xurisdiccionais e “fóra das comunitarias” senón tamén dentro delas (a excepción das 12 millas doutro Estado membro) cabendo, neste último caso, a posibilidade de ampliar esa competencia con respecto aos buques doutros países membros<sup>96</sup>. A idea, porén, de que *calquera Estado parte goce de autorización para*

<sup>91</sup> Así, o emprego de sistemas de localización de buques por satélite (SLB) operativo para os buques de máis de 18 e de 15 metros de eslora total, a partir do 1 de xaneiro de 2004 e do 1 de xaneiro de 2005, respectivamente. A implantación do SLB e de tecnoloxía da información potenciou considerablemente a capacidade das autoridades nacionais para efectuar o seguimento das actividades pesqueiras.

<sup>92</sup> A falta de uniformidade tradúcese na ausencia dunhas condicións iguais nos ámbitos do control e da observancia das normas. Así, mentres que numerosas actividades pesqueiras se controlan eficazmente, outras non se supervisan en absoluto ou o seu nivel de control é claramente insuficiente.

<sup>93</sup> Por diversos motivos, os sistemas nacionais de control non sempre cumpriron a esixencia de garantir a aplicación eficaz das normas da PPC; de aí que se detectaran irregularidades e casos de incumprimento das normas aplicables, o que supón, por exemplo, que a información declarada polo sector pesqueiro non se corresponda en todos os casos coas cantidades físicas das poboacións capturadas, mantidas a bordo, desembarcadas e vendidas. Así pois, a información rexistrada polos Estados membros e facilitada pola Comisión non sempre é fidedigna. Ademais, as tarefas de inspección e vixilancia non se programan nin se seleccionan correctamente en todos os supostos. En moitos casos, as autoridades nacionais que se ocupan destas tarefas tamén asumen outras competencias.

<sup>94</sup> Os sistemas nacionais de sancións carecen con frecuencia de poder de disuasión para evitar a comisión de infraccións. Na actualidade, os Estados membros danlle un tratamento moi diferente ás transgresións, xa que as consecuencias dunha mesma infracción poden ir desde unha simple advertencia ata unha multa de contía elevada. Por esta razón, o Consello elaborou unha lista de sancións que os Estados membros deben impoñer no caso de que se cometa un incumprimento grave, sen prexuízo dos procedementos nacionais. A maioría destas actuacións teñen por obxecto a sobrepesca, é dicir, a superación das cotas asignadas aos diferentes Estados membros. As alegacións baséanse en xeral na xestión incorrecta das cotas polas autoridades nacionais, o que a maior parte das veces significa: a) a falta de procedementos apropiados para utilizar aquelas; b) a ausencia, insuficiencia ou ineficacia das inspeccións e doutras comprobacións esixidas polas normas comunitarias; c) a falta dunha prohibición provisional das actividades pesqueiras ou a paralización tardía da pesca; ou d) a carencia de sancións disuasorias que fomenten o respecto das normas anteriores. A teor destas circunstancias, o artigo 25 do Regulamento (CE) núm. 2371/2002 do Consello, de 20 de decembro de 2002, atribuíúlles aos Estados a obriga de incoar procedementos desa natureza que priven efectivamente aos infractores dos beneficios económicos obtidos cos incumprimentos e que actúen como elementos disuasorios no futuro. Neste marco, a Comisión ten previsto utilizar os medios que lle proporcionan as normas da PPC co fin de garantir o cumprimento da normativa polos Estados membros. Así, a suspensión das axudas financeiras, as medidas preventivas, as deducións de futuras posibilidades de pesca e unha maior atribución de facultades aos inspectores.

<sup>95</sup> Neste sentido, preveuse a creación dunha táboa de indicadores, un novo instrumento informativo que ofrece unha indicación do nivel de cumprimento de diferentes disposicións normativas por parte dos Estados membros, así como a actualización realizada pola Comisión desde o punto de vista da comprobación das actividades de control e observancia daqueles e o seu nivel de cumprimento das normas da PPC. Esta táboa de indicadores está a disposición do público na páxina web da Comisión (<http://www.europa.eu.int/comm/fisheries>).

<sup>96</sup> Sempre que o Estado ribeirogo acceda a iso e cando as inspeccións se realicen no contexto dun programa de seguimento específico.

*inspeccionar os buques pesqueiros da UE que enarboren o pavillón doutro Estado membro en augas internacionais non deixa de ser rechamante; máis se temos en conta que en todos os demais supostos o permiso de inspección se concederá voluntariamente.* Quere isto dicir que a xurisdición do Estado de bandeira “fóra das augas comunitarias” non é operativa en mar aberto? Preténdese establecer unha relación consubstancial entre a vontade de ser membro da organización e a aceptación dun sistema comunitario de inspección que, como no marco da OPANO, lles atribúa aos membros o dereito recíproco de subir a bordo e inspeccionar os buques que se atopen na área? Pois de non mediar o consentimento do Estado de bandeira, a posibilidade de que un país distinto ao do pavillón poida inspeccionar un buque máis alá das 200 millas constitúe un atentado contra o principio da xurisdición exclusiva consagrado, e exceptuado, na Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar de 1982<sup>97</sup>. Chegados a este punto, se cadra non estea demais preguntarnos se a vontade da Comunidade, de conformidade co Acordo de Nova York de 1995, non é asumir un conxunto de dereitos e deberes que actualmente forman parte das competencias dos Estados membros, conforme á súa lexislación nacional<sup>98</sup>.

A coordinación das actividades de inspección e vixilancia entre todas as autoridades implicadas constitúe un importante reto no ámbito nacional, que adquire dimensións aínda maiores no marco comunitario. De aí que “respondendo” aos interrogantes anteriores se propuxera, como aventurabamos, a creación dunha estrutura común de inspección (ECI)<sup>99</sup> cuxa inspiración descansa nas iniciativas de coordinación das administracións internas competentes. Así e todo, xa que esa coordinación non pode apoiarse no longo prazo en exclusivos acordos voluntarios ou en solucións *ad hoc*, a idea da Comunidade reside en adoptar unha plataforma organizativa destinada a garantir o despregamento harmonizado deses medios nacionais de inspección e vixilancia. Tendo en conta, ademais, que as facultades dos Estados membros en materia de control e observancia están recollidas nos artigos 23, 24 e 25 do Regulamento (CE) núm. 2371/2002, e que os poderes da Comisión se fundamentan no artigo 26 do mesmo instrumento, a creación da ECI non debería suscitar ningún receo desde o punto de vista competencial.

O espírito desta iniciativa radica, xa que logo, no establecemento de equipos de inspección multinacionais encargados de examinar a oportunidade das licenzas, as

---

<sup>97</sup> Principio de Dereito Internacional xeral codificado pola Convención de Xenebra sobre o Mar Aberto de 1958 (artigo 6, parágrafo 1) e pola Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar de 1982, artigos 92 e concordantes.

<sup>98</sup> En particular, as medidas aplicables aos patróns e demais oficiais dos buques pesqueiros (por exemplo, a denegación, a retirada ou a suspensión das autorizacións necesarias para exercer como tales. Vid. DO C 367/48, de 5 de decembro de 1996, anexo B, parágrafo 7) e as normas relativas ao exercicio da xurisdición do Estado do pavillón sobre os seus buques en mar aberto. *Inter alia*, as disposicións relacionadas coa asunción ou coa cesión do control dos barcos pesqueiros por parte de Estados membros que non sexan o país do pavillón, e a cooperación internacional respecto da aplicación e da recuperación do goberno dos seus buques.

<sup>99</sup> A ECI fundaméntase no artigo 28 do dito regulamento, instrumento que establece os requisitos fundamentais en materia de cooperación e coordinación entre Estados membros.

características dos buques, as actividades pesqueiras desenvolvidas en augas comunitarias, internacionais e de terceiros países e os desembarques (incluída a primeira venda). Correspondendo ao órgano comunitario de control da pesca (OCCP) garantir o despregamento dos medios mancomunados de supervisión e vixilancia, esta función non ten por obxecto reducir o protagonismo dos Estados membros en canto á aplicación das normas da PPC. En efecto, de acordo coa ECI, eses Estados serán responsables de: a) asignar medios de inspección e vixilancia para a constitución dos recursos da ECI; b) garantir que esas achegas se axusten aos estándares establecidos en materia de mantemento e equipamento de buques e aeronaves de control, e formación de inspectores e tripulacións conforme aos procedementos daquela; e c) responsabilizarse dos seus propios medios e das tarefas de inspección e vixilancia acometidas polos seus inspectores<sup>100</sup>.

Esta proposta de reforma pretende, en consecuencia, controlar o acceso ás po-boacións de peixes e a súa explotación, garantindo un efectivo cumprimento das disposicións da PPC, incluídas as medidas estruturais e de mercado, así como o fortalecemento dos instrumentos de control e observancia e as condicións aplicables á cooperación e coordinación entre os Estados membros. A súa proxección, aínda que ocasionalmente complexa, permitirá alcanzar uns niveis de racionalidade e eficacia sostibles<sup>101</sup>, incentivando, en definitiva, a necesaria aplicación uniforme e eficaz da PPC.

## 5. UN MAIOR COMPROMISO DAS PARTES AFECTADAS NA PPC: OS CONSELLOS CONSULTIVOS REXIONAIS

Para potenciar o grao de implicación dos interesados no proceso de xestión da PPC e identificar nese sentido a mellor forma de alcanzar unha pesca sostible, o Consello creou –mediante a Decisión 2004/585/CE, de 19 de xullo de 2004<sup>102</sup>– uns consellos consultivos rexionais (CCR ou RAC, segundo as súas siglas en inglés) abertos á participación das autoridades nacionais e rexionais de calquera Estado membro, dos pescadores, dos científicos, dos representantes do sector da pesca e da acuicultura e dos grupos de defensa do medio e de protec-

<sup>100</sup> Os inspectores nacionais son responsables de efectuar a vixilancia de buques pesqueiros e de inspeccionar as actividades pesqueiras para comprobar o cumprimento das normas da PPC, debendo facer constar os resultados destas actuacións nun informe de vixilancia ou nun informe de inspección, respectivamente. Tamén son responsables de garantir a continuidade e seguridade de todas aquelas probas relativas ás infraccións da normativa da PPC que se cometeran. O Estado membro ribeiro e, fóra das augas comunitarias, o Estado membro do pavillón deben efectuar o seguimento das infraccións conforme ás disposicións pertinentes da PPC. Calquera infracción descuberta polos inspectores debe notificárselle de inmediato ao Estado membro interesado.

<sup>101</sup> Vid. “En pos de unha aplicación uniforme y efectiva de la política pesquera común”, COM (2003) 130 final, Bruxelas, 21 de marzo de 2003.

<sup>102</sup> Vid. DO L 256/17, de 3 de agosto de 2004.

ción dos consumidores da zona marítima ou dos caladoiros correspondentes<sup>103</sup>.

Constituídos por unha asemblea xeral<sup>104</sup> e por un comité executivo<sup>105</sup>, e competentes para responder as consultas da Comisión<sup>106</sup>, para presentar recomendacións<sup>107</sup> e suxestións e para informar tanto a aquela como ao país afectado polos problemas que suscite a aplicación das normas da PPC na súa zona, cada CCR cubrirá os espazos marítimos baixo a xurisdición de cando menos dous Estados membros, fixando para este efecto os seus propios procedementos pero sen esquecer, así e todo, a *ratio* que os goberna: o fomento dunha cooperación *inter se* que permita a viabilidade da pesca nas respectivas áreas de regulamentación<sup>108</sup>.

## BIBLIOGRAFÍA

BADENES CASINO, M. (1994): “La pesca con redes de enmalle y deriva”, *Cuadernos Jurídicos, Revista Mensual de Derecho*, núm. 17, 3, pp. 41-53.

<sup>103</sup> Polo que se refire ao financiamento dos CCR, a partir do ano da súa creación, e por un máximo de cinco anos, a Comunidade contribuirá parcialmente aos seus gastos de funcionamento. O importe asignado para estes fins de cada CCR non poderá exceder do 90% do seu orzamento de operatividade e non poderá superar os 200.000 euros para o primeiro ano. Nos catro anos seguintes, a participación financeira máxima será decrecente [primeiro ano: 200.000 euros (90%), segundo ano: 165.000 euros (75%), terceiro ano: 132.000 euros (60%), cuarto ano: 121.000 euros (55%), quinto ano: 110.000 euros (50%)] e irá en función do orzamento dispoñible. A Comisión asinará con cada CCR e para cada ano un “convenio de subvención de funcionamento”, que fixará con precisión os termos e as condicións, así como as modalidades de concesión dese financiamento. Só estarán suxeitos a contribución comunitaria os gastos previstos, que se concederá sempre que se asignaran as demais fontes de financiamento. Os custos subvencionables serán os necesarios para garantir o funcionamento normal dos CCR de tal maneira que lles permitan a consecución dos seus obxectivos. Serán subvencionables os custos directos seguintes: a) gastos de persoal (custo de persoal por día de traballo no proxecto), b) equipamento (novo ou de ocasión), c) custos de materiais e de subministracións, d) gastos de divulgación e de información aos membros, e) gastos de viaxe e de aloxamento dos expertos que participen nas reunións dos CCR (conforme a baremos ou a normas establecidas polos servizos da Comisión), f) auditorías, g) unha “provisión para imprevistos” cun límite do 5% dos custos directos subvencionables. A Comisión asinará con cada CCR e para cada ano un “convenio de subvención da acción” por un máximo de 50.000 euros, que fixará con precisión os termos e as condicións así como as modalidades de concesión dese financiamento. Vid. artigo 9 e anexo II da Decisión do Consello de 19 de xullo de 2004.

<sup>104</sup> A Asemblea Xeral reunirse cando menos unha vez ao ano para aprobar o informe e o plan estratéxico anuais elaborados polo Comité Executivo. En efecto, tal e como dispón o artigo 10 da Decisión do Consello de 19 de xullo de 2004, cada CCR “transmitirá un informe anual de sus actividades a la Comisión, a los Estados interesados y al Comité Consultivo de Pesca y Acuicultura antes del 31 de marzo del año siguiente al cubierto por el informe”.

<sup>105</sup> O Comité Executivo, nomeado pola Asemblea Xeral, está composto por 24 membros. A el correspóndelle xestionar a actividade do CCR e adoptar as súas recomendacións.

<sup>106</sup> O feito de que a Comisión consulte os CCR non incide na súa relación co Comité Consultivo de Pesca e Acuicultura, xa que funcionan en ámbitos distintos.

<sup>107</sup> A teor do artigo 7.2 e 3 da Decisión 2004/585/CE do Consello, de 19 de xullo de 2004, “*Los consejos consultivos regionales adoptarán las medidas necesarias para garantizar la transparencia en todas las fases del proceso de decisión. Las recomendaciones adoptadas por el comité ejecutivo se facilitarán de inmediato a la Asamblea General, a la Comisión, a los Estados miembros interesados y a cualquier particular que lo solicite*”. “*Los miembros del comité ejecutivo adoptarán, cuando sea posible, recomendaciones por consenso. Si no se alcanza el consenso, las opiniones disidentes expresadas por los miembros se registrarán en las recomendaciones adoptadas por la mayoría de los miembros presentes y votantes. A la recepción de las recomendaciones por escrito, la Comisión y, si procede, los Estados miembros interesados, responderán a ellas de manera precisa dentro de un plazo razonable, que no podrá superar los tres meses*”.

<sup>108</sup> Vid. *Ibíd.*, artigo 8.

- CHURCHILL, R.R. (1987): *EEC Fisheries Law*. Dordrecht.
- CUNNEDEC, A. (1992): “La politique commune de la pêche à la recherche d’un nouveau cadre structurel”, *ERM*, núm. 6, pp. 183-198.
- DÍEZ-HOCHLEITNER, J. (1995): “La flota española en la Europa azul”, *Meridiano CERI*, núm. 2, pp. 14-19.
- FIFE, R.E. (2003): “L’objet et le but du Traité du Spitsberg (Svalbard) et le Droit da mer”, en: *La mer et son droit, mélanges offerts à Laurent Lucchini et Jean-Pierre Quéneudec*. París: Pédone.
- GARCÍA, S.M. (1994): *The Precautionary Approach to Fisheries with Reference to Straddling Fish Stocks and Highly Migratory Fish Stocks*. (FAO Fisheries Circular núm. 871). Roma: Food and Agriculture Organization of the United Nations.
- GONZÁLEZ LAXE, F. (1992): *La revisión de la política pesquera comunitaria. El reto de 1992*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- HOLDEN, M. (1994): *The Common Fisheries Policy*. Oxford.
- IGLESIAS BERLANGA, M. (2003): *La regulación jurídica de los recursos vivos de la alta mar. Especial referencia a los intereses españoles*. Madrid: Dilex.
- LEBULLENGER, J.; LE MORVAN, D. [ed.] (1990): *La CE et la mer*. París.
- LEIGH, M. (1987): *European Integration and the Common Fisheries Policy*. Londres / Cambera.
- PARLEMENT EUROPÉEN, DIRECTION GÉNÉRALE D’ÉTUDES: *Dossiers d’études et de documentation, Manuel de la Politique Commune de la Pêche*.
- MARTÍNEZ PRAT, A.R.; TUDELA CASANOVAS, S. (1995): *Peces, flotas y mercados. Los efectos de las políticas pesqueras de la Unión Europea en los países del sur*. (Temas de Cooperación). Madrid: Coordinadora de ONG para el Desarrollo.
- MESEGUER SÁNCHEZ, J.L. (1981): “El Derecho comunitario y los derechos de pesca de terceros países”, *RIE*, vol. 8, pp. 53-65.
- NITSCH, N. (1980): “Les accords de pêche entre la Communauté et les états tiers”, *RMC*, vol. 23, pp. 452-474.
- PANNATIER, S. (1997): “Problèmes actuels da pêche en haute mer”, *RGDIP*, núm. 2.
- SAVINI, M. (1990): “La réglementation da pêche en haute mer par l’Assemblée Générale des Nations Unies (A propos da Résolution 44/225 sur les grands filets maillants dérivants)”, *AFDI*, vol. XXXVI, pp. 777-817.
- SOBRINO HEREDIA, J.M.; REY ANEIRO, A. (1997): *La jurisprudencia del Tribunal de Justicia de las Comunidades Europeas sobre la Política Común de la Pesca*. Santiago de Compostela.
- SONG, Y.H. (1995): “The EC’s Common Fisheries Policy in the 1990s”, *ODIL*, vol. 26, pp. 31-55.
- VV.AA. (1996): *El sector pesquero español ante la UE*, 2 vol. Madrid.